

Chapela, 24 de maio de 2020

Prezado alumnado de 2º Bacharelato, 2º FP e FP modular,

O venres 22 de maio ás 18:00 a Consellería de Educación publicou no seu portal web unha resolución de reinicio voluntario da actividade lectiva presencial o día **25 de maio** para o alumnado de **2º Bacharelato, 2º FP e FP modular**. A resolución, acompañada dun protocolo de medidas de prevención, posibilitaría a entrada ao noso edificio de 444 alumnos e alumnas.

Co fin de garantir o dereito ao retorno daquel alumnado que o demande, e contar co profesorado preciso para impartir as correspondentes clases que non teña dispensa de asistencia ao centro ou non sexa avaliado como persoal sensible ao virus, esta dirección está a traballar nas medidas organizativas e sanitarias que permitan este retorno.

O alumnado interesado en acudir ás clases presenciais debe comunicalo ao longo do luns 25 á dirección do centro a través do correo electrónico ies.chapela@edu.xunta.es. Este dato é imprescindible para poder organizar aulas e horario adaptado.

Polo de agora **non se permite a realización de exames nin probas presenciais**.

O alumno que acuda ao centro non pode presentar síntomas compatibles co COVID-19 e terá que cumprir co **protocolo sanitario** (toma de temperatura antes de acudir ao centro, uso obrigatorio de máscara nos movementos que discorran polo centro, lavado e desinfección frecuente das mans, gardar a distancia interpersonal de 2 metros, colaboración coa limpeza e hixiene do posto escolar...).

A dirección comunicará en tempo e forma ao alumnado interesado a organización desta posible presencialidade: horarios, espazos, medidas de seguridade...

Recibide un cordial saúdo de todo o claustro do profesorado.



A dirección